

PUBLICACIÓN RESOLUCIÓN TABOLEIRO DE ANUNCIOS DO CONCELLO DE CARBALLO

Ponse en coñecemento dos posibles interesados que a Alcaldía/Presidencia desta Entidade Local, en data 04-07-2025, ditou a resolución con número 1897/2025 que deseguido se transcribe:

RESOLUCIÓN

Aprobación da Listaxe Definitiva de persoas admitidas e excluídas, nomeamento do tribunal cualificador, data para a valoración de méritos da fase de concurso e celebración dos exercicios da fase de oposición, do proceso selectivo para a provisión temporal do persoal para a Brigada de prevención e defensa contra incendios forestais 2025 e de tres operarios/as de motobomba.

EXPEDIENTE: 2025/E001/000011-2025/G003/001975

Por Resolución da Alcaldía núm.1422/2025, do 20 de maio de 2025, aprobáronse as Bases reguladoras da convocatoria pública e do proceso selectivo para a selección e incorporación como funcionarios interinos para a execución do programa de carácter temporal denominado "Brigada de prevención e defensa contra Incendios forestais 2025" e de tres Operarios de motobomba.

Publicouse anuncio da convocatoria no BOP de A Coruña núm. 98 do 26/05/2025. De conformidade co disposto na base cuarta das bases reguladoras da convocatoria, o prazo de presentación de instancias foi de oito (8) días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña. O dito prazo rematou o 05/06/2025.

Publicouse anuncio da aprobación da listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas no proceso selectivo antedito o día 27/06/2025 no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Carballo e, de forma supletoria, na páxina web municipal. De conformidade co disposto na base Quinta das bases reguladoras da convocatoria, o prazo de presentación de emendas foi de tres (3) días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Carballo. O dito prazo rematou o 02/07/2025.

Rematado o prazo regulamentario para a presentación de emendas á listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas no proceso selectivo, examinada a documentación que acompaña ao expediente, de conformidade co establecido na Base Quinta (*Listaxe de admitidos/as. Data e lugar de celebración do exercicio da oposición*) e na base Sexta (*Tribunal Cualificador*) da convocatoria, e de conformidade co artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local, en uso das competencias legalmente atribuídas,

RESOLVO:

Primeiro.- Aprobar a **listaxe definitiva de persoas admitidas** (Anexo I, II, III e IV) **e excluídas** (Anexo V, VI e VII) do proceso selectivo para a provisión temporal dun/ha (1) xefe/a de brigada, un/ha (1) peón/peoa condutor/a e tres (3) peóns/peoas para a Brigada de prevención e defensa contra incendios forestais 2025, así como, de tres (3) operarios/as de motobomba.

Segundo.- Designar o tribunal cualificador previsto na base sexta da convocatoria, que estará composto polos seguintes membros:

Presidente:

CONCELLO DE CARBALLO
C.I.F.: P1501900C
Praza do Concello S/N
Teléfono 981 70 41 00
www.carballo.gal
infocarballo@carballo.gal
15100 CARBALLO - A Coruña



2025/E001/000011
Exp. 2025/G003/001975

Titular: D^a. **Susana Mariño Lorenzo**
TAX - Xefa do Servizo de Administración Xeral do Concello de Carballo.

Suplente: D^a. **Marina Núñez Orjales**
Secretaria do Concello de Carballo.

Vogal 1:

Titular: D^a. **María Carmen Pereiro Felipez**
Técnica de Normalización Lingüística do Concello de Carballo

Suplente: D^a. **Lorena Castrillón Manso**
Enxeñeira Técnica de Obras Públicas do Concello de Carballo

Vogal 2:

Titular: D. **Francisco José Díaz Del Valle**
Xefe do servizo de instalacións deportivas do Concello de Carballo

Suplente: D. **Marcelo Oitaven Fernández**
Oficial de emerxencias do Concello de Carballo

Vogal 3:

Titular: D. **Ramón Díaz Martínez**
Axente Medioambiental do Distrito 2

Suplente: D. **Fermín Insua Bello**
Axente Medioambiental do Distrito 2

Secretario:

Titular: D. **Alejandro Cousillas Gonzalez**
Administrativo do Concello de Carballo.

Suplente: D^a. **Inés Castro Viqueira**
Técnica Auxiliar de Patrimonio do Concello de Carballo.

Os membros do Tribunal poderán ser recusados nos termos establecidos polos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Terceiro.- De acordo coa Base Sexta da convocatoria nomear como asesores do Tribunal que se limitarán ao exercicio das súas especialidades técnicas, con voz e sen voto, a D. **Fernando Mosteiro Pereira** (médico especialista CHUC) e a D. **David Naya Rama** (Oficial de Emerxencias do Concello de Carballo).

Cuarto.- Convocar a todos os membros do tribunal para a sesión constitutiva e **valoración de méritos da fase de concurso** que terá lugar o **martes 8 de xullo do 2025, ás 9.30 horas**, na Base de Protección Civil situada na Avda. do Ambulatorio, S/N, de Carballo.

Quinto.- Convocar ás persoas aspirantes admitidas que non teñan acreditado estar en posesión do nivel de coñecemento requirido segundo a base terceira, letra h) (*Celga 2/Celga 3*) para a celebración do exercicio da **fase de oposición, exercicio de avaliación do coñecemento da lingua galega**, que terá lugar o **martes 8 de xullo do 2025, ás 11.30 horas**, na Base de Protección Civil situada na Avda. do Ambulatorio, S/N, de Carballo.

CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C
Praza do Concello S/N
Teléfono 981 70 41 00
www.carballo.gal
infocarballo@carballo.gal
15100 CARBALLO - A Coruña



2025/E001/000011
Exp. 2025/G003/001975

Sexto.- Convocar ás persoas aspirantes admitidas para a celebración do **primeiro exercicio da fase de oposición, proba física de esforzo**, que terá lugar o **mércores 9 de xullo de 2025, ás 10.00 horas**, no Pavillón Vila de Noia situado na Rúa Vila de Noia, S/N de Carballo.

Sétimo.- Convocar ás persoas aspirantes admitidas que opten á praza de **Peón/Peoa Condutor/a** para a celebración do **segundo exercicio da fase de oposición, proba práctica**, que terá lugar o **mércores 9 de xullo de 2025, ás 11.30 horas**, no edificio da Base de Protección Civil (edificio do antigo ambulatorio) situado na Avenida do Ambulatorio, S/N de Carballo.

Oitavo.- Convocar ás persoas aspirantes admitidas que opten á praza de **Peón/Peoa de Brigada** para a celebración do **segundo exercicio da fase de oposición, proba práctica**, que terá lugar o **mércores 9 de xullo de 2025, ás 12.00 horas**, no edificio da Base de Protección Civil (edificio do antigo ambulatorio) situado na Avenida do Ambulatorio, S/N de Carballo.

Noveno.- Convocar ás persoas aspirantes admitidas que opten á praza de **Operario/a Motobomba** para a celebración do **segundo exercicio da fase de oposición, proba práctica**, que terá lugar o **mércores 9 de xullo de 2025, ás 12.30 horas**, no edificio da Base de Protección Civil (edificio do antigo ambulatorio) situado na Avenida do Ambulatorio, S/N de Carballo.

Décimo.- Convocar ás persoas aspirantes admitidas que opten á praza de **Xefe/a de Brigada** para a celebración do **segundo exercicio da fase de oposición, proba teórico-práctica**, que terá lugar o **mércores 9 de xullo de 2025, ás 13.00 horas**, no edificio da Base de Protección Civil (edificio do antigo ambulatorio) situado na Avenida do Ambulatorio, S/N de Carballo.

Undécimo.- Expoñer esta resolución no Taboleiro de Anuncios do Concello (www.sede.carballo.gal), e con carácter complementario na páxina web municipal (www.carballo.gal).

ANEXOS**PERSOAS ASPIRANTES ADMITIDAS**

ANEXO I: unha (1) praza de XEFE/A DA BRIGADA				
Nº	APELIDOS	NOME	DNI	CELGA 3
1	LOPEZ LIÑARES	SANTIAGO	***4500**	SI
2	MARTINEZ ROBLES	ANA	***3904**	SI
3	MUIÑO BELLO	MANUEL	***5403**	SI
4	PATIÑO EGEA	DIEGO	***1819**	SI
5	SUEIRO LAGARES	BRAIS	***4562**	SI
6	TARRIO CASTRO	JOSE MANUEL	***0204**	SI

ANEXO II: unha (1) praza de PEÓN/PEOA CONDUTOR/A				
Nº	APELIDOS	NOME	DNI	CELGA 2
1	BASTON DEL RIO	ALBERTO	***0698**	SI
2	DE LA PEÑA CORONA	LUIS ALEJANDRO	***9564**	SI
3	LOPEZ LIÑARES	SANTIAGO	***4500**	SI
4	SOUTO PALLAS	JAVIER	***1721**	NON *

CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C
Praza do Concello S/N
Teléfono 981 70 41 00
www.carballo.gal
infocarballo@carballo.gal
15100 CARBALLO - A Coruña



2025/E001/000011
Exp. 2025/G003/001975

*Deberá superar unha proba de acreditación de coñecemento da Lingua Galega. Nivel CELGA 2.

ANEXO III: tres (3) prazas de PEÓN/PEOA DE BRIGADA

Nº	APELIDOS	NOME	DNI	CELGA 2
1	BASTON DEL RIO	ALBERTO	***0698**	SI
2	BERGONDO VARELA	DAVID	***4215**	SI
3	CAMEAN GARCIA	ALBA	***1986**	SI
4	CARRACEDO RAMA	MARIA ISABEL	***6890**	SI
5	COSTA TATO	JOSE MANUEL	***6658**	NON *
6	DE LA PEÑA CORONA	LUIS ALEJANDRO	***9564**	SI
7	FRAGA FIDALGO	ALEJANDRO	***0178**	SI
8	GARCIA REGUEIRA	NICOLAS	***4666**	SI
9	LOPEZ LIÑARES	SANTIAGO	***4500**	SI
10	MUIÑO BELLO	MANUEL	***5403**	SI
11	RODRIGUEZ LEMA	ISMAEL JOSE	***2456**	SI
12	SOUTO PALLAS	JAVIER	***1721**	NON *
13	TARRIO CASTRO	JOSE MANUEL	***0204**	SI
14	TORRADO VAZQUEZ	MISAEL	***2307**	NON *

*Deberá superar unha proba de acreditación de coñecemento da Lingua Galega. Nivel CELGA 2.

ANEXO IV: tres (3) prazas de OPERARIO DE MOTOBOMBA

Nº	APELIDOS	NOME	DNI	CELGA 2
1	ANDRADE COUTO	JUAN MANUEL	***5484**	SI
2	COSTA TATO	JOSE MANUEL	***6658**	NON *
3	MOURO CAPELO	IGNACIO	***0614**	SI
4	PIDAL FERNANDEZ	RICARDO MANUEL	***1236**	SI
5	TARRIO CASTRO	JOSE MANUEL	***0204**	SI

*Deberá superar unha proba de acreditación de coñecemento da Lingua Galega. Nivel CELGA 2.

ANEXOS
PERSOAS ASPIRANTES EXCLUÍDAS

ANEXO V: unha (1) praza de XEFE/A DA BRIGADA					
Nº	APELIDOS	NOME	DNI	Causas Exclusión	CELGA 3
1	FERNANDEZ PORTAS	PATRICIA	***6405**	(a)	SI

ANEXO VI: tres (3) prazas de PEÓN/PEOA DA BRIGADA					
Nº	APELIDOS	NOME	DNI	Causas Exclusión	CELGA 2
1	ROCA MARTINEZ	RUBEN	***9801**	(C)	SI
2	VAZQUEZ MENDEZ	SERGIO	***7043**	(b)	SI

ANEXO VII: tres (3) prazas de OPERARIO DE MOTOBOMBA					
Nº	APELIDOS	NOME	DNI	Causas Exclusión	CELGA 2
1	VAZQUEZ MENDEZ	SERGIO	***7043**	(b)	SI

Causas de exclusión:

(a) Non achega a copia da titulación esixida para presentarse ao proceso conforme ao disposto na base terceira, apartado f)

(b) Non achega o certificado médico oficial ou informe de saúde acreditativo de non padecer enfermidade ou defecto físico que impida exercer-las funcións e tarefas propias do posto de traballo a desempeñar e que acredite estar en situación de poder desenvolver unha proba de esforzo físico.

(c) Non achega o xustificante acreditativo de ter ingresado na Tesourería Municipal a cantidade de 18 € en concepto de dereitos de exame.

Asinado dixitalmente na data que figura ao marxe.

Alcalde
Evencio Ferrero Rodríguez

Secretaria
Marina Núñez Orjales

Esta publicación serve como notificación aos posibles interesados, en cumprimento do establecido no artigo 40 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e de conformidade co establecido no artigo 194 do RD 2568/86, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C
Praza do Concello S/N
Teléfono 981 70 41 00
www.carballo.gal
infocarballo@carballo.gal
15100 CARBALLO - A Coruña



2025/E001/000011
Exp. 2025/G003/001975

Documento asinado dixitalmente na data que figura ao marxe.
Secretario
Marina Núñez Orjales